



PROTOCOLO COVID-19

ACTIVIDADES

EXTRAESCOLARES E

COMPLEMENTARIAS

2021 – 2022



ÍNDICE

1. IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE ORGANIZADORA
2. ACTIVIDADES ORGANIZADAS. UBICACIÓN
3. OBXECTO
4. CONSIDERACIÓNS XERÁIS
5. PLAN DE CONTINXENCIA
 - MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICA
 - NORMAS XERÁIS DE FUNCIONAMENTO
6. LEXISLACIÓN APLICABLE



1. IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE ORGANIZADORA

RAZÓN SOCIAL	ANPA Ramón Pimentel do CPI As Mirandas
CIF	G-15502305
DIRECCIÓN	R/Celso Emilio Ferreiro, S/N, 15624 – Ares (A Coruña)
PERSOA DE CONTACTO	Eiriz Sisto
MEDIOS DE CONTACTO	618383083; anpadeares@gmail.com
VERSIÓN DO PROTOCOLO	V.0

2. ACTIVIDADES ORGANIZADAS. CALENDARIO E UBICACIÓN

ACTIVIDADE	CALENDARIO	UBICACIÓN
ALMORZARES	Luns a Venres 07:30h – 09:30h	AULA ALMORZARES
INGLÉS (PRIMARIA/ESO)	Luns e Mércores 16:30h – 17:30h Luns e Mércores 17:30h – 18:30h Luns e Mércres 18:30h – 19:30h Martes e Xoves 16:30h – 17:30h Martes e Xoves 17:30h – 18:30h	AULA ALMORZARES
XOGANDO CÓ INGLÉS	Luns e Mércores 16:30h – 17:30h	AULA RELIXIÓN
PATINAXE	Martes 16:30h – 18:30h	PISTA DEPORTIVA
PISCINA	Martes e Xoves 16h – 16:45h	COMPLEXO ACUÁTICO DO CASTRO

3. OBXECTO

O presente protocolo ten por obxecto crear espazos extraescolares e complementarios saudables e seguros por medio da aplicación de medidas preventivas, tanto individuais como colectivas, que deberán ser adoptadas dende o inicio das actividades extraescolares e complementarias do curso 2021 – 2022, tanto pola entidade organizadora como polos monitores contratados por ésta para o desenvolvemento das actividades e o alumnado e as súas familias có obxecto protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por Covid-19.



4. CONSIDERACIÓNS XERÁIS

Todas as actividades, xa sexan extraescolares ou complementarias, serán desenvolvidas do xeito seguinte:

1. Manteranse os grupos de convivencia estable ou gardaranse as distancias de seguridade previstas nos protocolos con carácter xeral.
2. Desenvolveranse no exterior todas as actividades que pola súa natureza sexa posible evitando igualmente aglomeracións.
3. Levarase un rexistro das persoas que participan nestas actividades, así como o lugar que ocupan, non podendo cambiar de compañeiros/as para limitar as interaccións e facilitar a localización de posibles contactos estreitos.
4. Extremaranse as medidas de hixiene e ventilación antes, durante e despois de cada actividade que pola súa natureza sexa desenvolvida en espazos interiores.
5. Na actividade de piscina, poñerase en coñecemento do alumnado o protocolo COVID con antelación da instalación, lles será explicado e deberán asumilo de acordo á súa idade.
6. Naquelas actividades que supoñan a entrada no centro de persoal alleo a este, daráselles a coñecer previamente e asumirán na súa totalidade o protocolo COVID e o Plan de adaptación do centro. Ademais, este persoal asinará o compromiso de realizar a enquisa de autoavaliación antes da actividade. En ningún caso acudirá se teñen síntomas de igual xeito que o persoal do centro.

Estas persoas alleas extremarán a hixiene á entrada e saída do centro, gardarán o uso de máscara e distancia de seguridade.

7. Naquelas actividades educativo-culturais que poidan organizarse ó longo do curso coa colaboración do Concello de Ares ou de outros Concellos a partir dunha lexislación que establece o dobre uso das instalacións vinculadas aos centros, regulado mediante convenios, cada centro educativo no que teñan lugar ditas actividades trasladará ao Concello de referencia este protocolo a efectos de coñecemento e coordinación das medidas preventivas, sendo os responsables de verificar todo o procedemento os membros do Equipo COVID do CPI As Mirandas.

8. No caso de celebrarse eventos ou festivais no centro educativo, serán levadas a cabo sempre que sexa posible ó aire libre.

9. Cada actividade contará cun número reducido de participantes, considerando máximo de 10 nas que sexan desenvolvidas no interior e un máximo de 14 no exterior. Exceptúase a actividade de piscina, na que o grupo máximo será de 14 alumnos de acordo co aforo permitido nas súas instalación tal e como nos notificaron.



5. PLAN DE CONTINXENCIA

O Plan de Continxencia de actividades extraescolares e complementarias organizadas pola ANPA Ramón Pimentel do CPI As Mirandas ten por obxecto protocolizar as medidas de prevención específicas en cada una das actividades así como documentar as normas de funcionamento das mesmas.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS

1. Tódolos espazos empregados para o desenvolvemento da actividade serán limpados e desinfectados antes e despois da mesma.
2. Nas actividades realizadas en espazos cerrados realizarase una ventilación axeitada tanto antes, como durante e despois da actividade.
3. Cada actividade será desenvolva sempre na mesma sala e no caso de patinaxe e piscina, nas mesmas instalación deportivas.
4. O aforo máximo por actividade desenvolva no interior é de 10 alumnos por grupo e de 14 naquelas que sexan levadas a cabo no exterior. Tal e como se indica nas consideracións xerais deste documento exceptúase a actividade de piscina, na que o grupo máximo será de 14 alumnos de acordo co aforo permitido nas súas instalación tal e como nos notificaron.
5. Os grupos de cada actividade serán estables e levarase un rexistro diario de asistencia. Evitaranse na medida do posible a incorporación de novos membros, interacción entre grupos, ou si é posible , cambio de monitores/as. O rexistro de asistencia está a disposición do equipo Covid do centro en todo momento.
6. A entrada e saída de cada actividade será graduada, con ventilación entre clases de alomenos 15 minutos por cada hora.
7. Nas actividades dirixidas ó alumnado de Educación Infantil valorarase facer grupos mais pequenos se fose necesario.
8. Todas as medidas e pautas establecidas neste protocolo poden estar suxeitas a novas medidas establecidas polas autoridades sanitarias en función da evolución epidemiolóxica xerada pola pandemia, polo tanto son revisables para cumprir coa normativa de aplicación en cada momento.



NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

Os pais, nais e/ou titores legais firmarán unha declaración de responsabilidade na que se comprometan a valorar e respectar as seguintes pasos/normas:

- Realizar a enquisa de autoavaliación prevista neste “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 da Consellería de Educación” e non acudir á actividade de acordo co que a mesma estableza
- Informar ao persoal monitor no caso que se de algunha das circunstancias previstas na enquisa de autoavaliación para o seu coñecemento e traslado á entidade organizadora, que o porá en coñecemento do Equipo Covid.
- Máscara obrigatoria durante as actividades para maiores de 6 anos e recomendable para menores de 3 a 5 anos salvo nos casos de exención legalmente previstos e acreditados por informe sanitario. Os/as asistentes deberán traer cando menos unha segunda máscara de reposto nun estoxo axeitado.
- Non estará permitida a entrada a persoas alleas (pais/nais) nas actividades nin nas instalacións deportivas. Así como tampouco estará permitido estar na instalación fóra da hora de actividade. Tampouco estará permitida a presenza dos propios participantes cando non sexa a súa hora de actividade, nin sequera nas gradas, no caso de contar con estas.
- A persoa monitora sairá a recibir ao grupo cando a instalacións estea libre.
- Estará habilitada unha PORTA DE ENTRADA e outra de SAÍDA para evitar a acumulación de persoas. No caso de non ser posible esta opción, primeiro efectuarase a saída e posteriormente a entrada do novo grupo. No exterior marcaranse zonas para esperar a entrada e/ou saída que garantan as distancias de seguridade. Para garantir un proceso áxil é precisa a máxima puntualidade.
- Os espazos contarán con aseos asignados (con indicación e control de aforo segundo o previsto na lexislación vixente) que permita o lavado de mans con auga e xabón cando menos 40 segundos cando estean visiblemente sucias. Contarán tamén con dispensadores de xel hidroalcohólico nas entradas e saídas. No caso de grandes instalacións poderá solicitarse que o alumnado e persoas participantes conten con xel hidroalcohólico propio. Para o alumnado de Educación Infantil, restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de auga e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas. Para o alumnado de Educación Primaria extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico, administrando unha cantidade de xel axeitada ao tamaño da man de cada neno/a, informando aos nenos e nenas de que debe ser absorbido antes realizar outras tarefas.
- As persoas monitoras determinaran os momentos de respiro ou paradas para beber de xeito seguro e con garantía de distancia de seguridade.
- A organización das tarefas e exercicios será en función da normativa vixente. Inicialmente serán de forma individual ou en pequenos grupos, evitando o contacto.



- Evitarase compartir material e, se fose necesario, estará previamente hixienizado. Despois do uso volverase a hixienizalo e será obrigatorio o lavado de mans. As persoas adultas contarán co seu propio material e encargaranse de hixienizalo logo do seu uso.
- A hixiene de mans, realizarase con auga xabonosa ou xel hidroalcohólico, e será obrigatoria despois de xogar, tocar material deportivo, de ir ó baño, esberrar, tusir ... ou cando o determine a persoa monitora.
- Baixo ningún concepto poderán compartirse botellas de auga, que deberán estar claramente identificadas e situadas no sitio asignado a cada asistente xunto co resto de obxectos persoais.
- No caso de detectarse síntomas nunha persoa participante durante a actividade:
 - No caso de menores de idade procederase ao illamento desta persoa no espazo habilitado para tal fin e de acordo co “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 da Consellería de Educación”. O centro ten informado á entidade organizadora acerca da ubicación da aula destinada a este fin.
 - No caso de persoas maiores de idade, estas procederán de acordo co previsto con carácter xeral coas particularidades que o plan de continxencia do centro poida prever. Porán unha máscara cirúrxica, abandonarán a actividade e contactarán cos servizos sanitarios para seguir as súas indicacións.

6. LEXISLACIÓN APLICABLE

Este documento está elaborado de conformidade co “Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 (Covid-19) no ámbito educativo non universitario” da Consellería de Sanidade, de 16 de setembro de 2021 e en aplicación desde esa data na xestión de casos no contexto educativo en Galicia, e que responde á modificación realizada polo Ministerio de Sanidade no documento técnico “Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos” do 7 de setembro de 2021.